

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVICIOS NO CONCELLO DE VIVEIRO A TRAVÉS DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) NO CONCELLO DE VIVEIRO (1 PRAZA DE OFICIAL FORESTAL PARA O ANO 2023).

1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 1 traballador para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal; PLANIFICACIÓN PREVENTIVA FORESTAL (1 OFICIAL FORESTAL) .

A totalidade dos contratos encádranse na subvención concedida ao Concello de Viveiro pola Consellería de Emprego e Igualdade ao amparo da ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e procédese á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351G).

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de 1 traballador, a xornada completa cunha duración de nove meses, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal ao amparo da ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e procédese á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351G).

2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS.

A.- OFICIAL FORESTAL

Prazas a convocar: 1 praza de OFICIAL FORESTAL.

Para o exercicio profesional de **planificación preventiva forestal.**

Duración do contrato: 9 meses

Grupo de cotización 8

Tipo de contrato: contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e inserción laboral.

Xornada de traballo: traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

3.-REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes ademais dos requisitos establecidos nas bases xerais deberán:

-O OFICIAL PERTENCE AO GRUPO C2 segundo a RPT do concello de Viveiro polo que deberá estar graduado/a en educación secundaria obrigatoria, graduado/a escolar, técnico/a (formación profesional de grao medio) ou equivalente.

- Estar desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal).

- Non ser contratados no ano anterior por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde,





Concello de Viveiro

salvo en concellos rurais de menos de 2000 habitantes.

Coñecemento do idioma galego: **CELGA 3.**

Viveiro, á data que consta á marxe

(Documento asinado dixitalmente a marxe)

